

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra para o financiamento de gastos de funcionamento da organización colexial

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 119, do 23 de xuño), en relación co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

Segundo o Real Decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, os colexios oficiais que integran a dita organización son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e que teñen entre as súas funcións cantas redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

O artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra para o financiamento de gastos de funcionamento da organización colexial.



5. Fundamentos do convenio

Na aplicación 06.04.141A.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023 consignase a cantidade de 15.000 € como gasto destinado á colaboración entre a Xunta de Galicia e os Colexios de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Comunidade Autónoma.

Co fin de distribuír esta cantidade global, solicitóuselles aos presidentes dos tres colexios a presentación dunha proposta de gastos necesarios para o funcionamento da organización, co fin de poder instrumentar a concesión das subvencións mediante a subscrición de convenios individuais entre a Xunta de Galicia e cada un dos tres colexios territoriais de Galicia.

Todos os colexios responderon á proposta de colaboración da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e estanse a tramitar os respectivos convenios.

A distribución do crédito dispoñible realizouse con base nos respectivos orzamentos de gastos e/ou da cantidade solicitada por cada colexio con relación á porcentaxe de persoas colexiadas en cada ámbito territorial, consonte o principio de congruencia recollido no artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de ONCE MIL CATROCENDOS VINTE E CINCO EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (11.425,38) con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.141A.481.2 (CP 2015 00098) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

7. Memoria económica (Instrución núm. 3 da IXCA)

Para os efectos do requirido na comprobación a) da Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno respecto destas, este gasto ten natureza de gasto de funcionamento, e ten un orzamento total de 16.109,89 € tal e como se consigna no cadro 1.1. Cadro xeral incluído no anexo I da devandita instrución:



CADRO XERAL 1.1 ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADE E TIPOLOXÍA DE GASTO 2023 - COSITAL A CORUÑA E PONTEVEDRA		
Descrición	Tipoloxía	Importe
Gastos salario persoal exercicio 2023 (xaneiro-novembro catro horas por semana de luns a venres)	Persoal	10.108,37
Gastos seguridade social 2023 (xaneiro-novembro catro horas por semana de luns a venres)	Persoal	3.377,80
Plataforma de xestión Gestiona		
Plataforma de xestión Gestiona	Servizo	2.168,36
IVE plataforma	Servizo	455,36
Total plataforma	Servizo	2.623,72
TOTAL ORZAMENTO		16.109,89

O proxecto subvencionado inclúe gastos de persoal e subministracións, ambos gastos son recorrentes. Os orzamentos no fan referencia a prezos unitarios. Polo que non procede incluír o anexo III cálculo do orzamento con prezos unitarios.

A continuación inxírense os 1.2. Detalle cadro de persoal e o anexo II – modelo cadro orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes

1.2 DETALLE CADRO DE PERSOAL					
Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade Social	Outros	Total
Grupo II nivel 06(oficial de primeira) Convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia da Coruña. Contrato catro horas diarias de luns a venres.	9.743,86 €	2.923,06 €	4040,64		16.707,56 €



ANEXO II ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADE E TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS RECORRENTES 2023 - COSITAL A CORUÑA E PONTEVEDRA

Tipoloxía da actuación	Tipoloxía de gasto subvencionable	Importe convenio actual	Importe convenio anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación
Gastos de persoal	Gastos de persoal	13.486,17 €	12.775,17 €	100%	711,00	5%	Actualización salarial
Contratación de plataforma de xestión	Contrato de servizos	2.623,72 €	2.078,99 €	100%	544,73	21%	No ano n-1 oferta de subscripción

Con respecto ao punto e) da instrución da Instrución núm. 4 da IXCA, insírense os datos requiridos no cadro do anexo IV – Modelo cadro de fitos e obxectivos:

Plan estratéxico	Planificación de fondos europeos	Actividade	Indicador	Fito
PEG	N/A	Convenio co Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local	P0076F - Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos	1

Por último, para dar cumprimento ao requirimento da letra f) da instrución da IXCA, procédese a territorializar a concesión da subvención que se instrumentará mediante o convenio que nos ocupa:

Provincias	Entidade beneficiaria	Importe proposto para concesión
A Coruña e Pontevedra	1	11.425,38€
TOTAL	1	11.425,38€

8. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E4, "Cohesión social e territorial"
- Prioridade de actuación PA04, "Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única"
- Obxectivo estratéxico E01, "Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial"
- Obxectivo operativo OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico



Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2015 00098 *Convenios Colexios Oficiais Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Galicia*, é o P00196/Número de proxectos subvencionados, cun valor previsto de 3 proxectos.

Estímase que, coa subscripción deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 1 proxecto subvencionado, que se corresponde co Cosital da Coruña e Pontevedra, único destinatario da subvención instrumentada mediante o convenio que nos ocupa :

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00196/Número de proxectos subvencionados	5-PEG	3	1

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

